

# ACTA

<b>Expediente núm.:</b>	<b>Órgano colexiado:</b>
PLN/2019/16	O Pleno

DATOS DE DESENVOLVEMENTO DA SESIÓN	
<b>Tipo Convocatoria</b>	Ordinaria
<b>Data</b>	3 de outubro de 2019
<b>Duración</b>	Desde as 20:42 ata as 21:16 horas
<b>Lugar</b>	Salón de Plenos do Concello de A Estrada
<b>Presidida por</b>	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBÓN (Alcalde acctal, segundo Decreto de delegación nº 2019-1185)
<b>Secretaria</b>	SANDRA MARÍA GARCÍA CHENLO

ASISTENCIA Á SESIÓN		
DNI	Nome e Apelidos	Asiste
[REDACTED]	ALBERTO MANUEL BLANCO CARRACEDO	SÍ
[REDACTED]	ALFONSO FIGUEIRAS REY	SÍ
[REDACTED]	AMALIA GOLDAR CORA	SÍ
[REDACTED]	AMALIA LAGO DURAN	SÍ
[REDACTED]	BELÉN LOUZAO VIEITES (incorpórase á sesión ás 20:54 horas, no punto 6º da Orde do Día)	SÍ
[REDACTED]	CARMEN GÓMEZ OTERO (Interventora)	NON
[REDACTED]	GONZALO LOUZAO DONO	SÍ
[REDACTED]	IVAN MANUEL SANMARTIN EIRIN	SÍ
[REDACTED]	JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS	NON
[REDACTED]	JOSÉ ISMAEL PENA VILLAMOR	SÍ
[REDACTED]	JUAN CARLOS GONZALEZ BARCIA	SÍ
[REDACTED]	JUAN MANUEL CONSTENLA CARBON	SÍ

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233





[REDACTED]	LUCIA SEOANE ROSENDE	SÍ
[REDACTED]	LUIS LOPEZ BUENO	SÍ
[REDACTED]	LUIS RENDO ARAUJO	SÍ
[REDACTED]	MARIA DEL MAR BLANCO CASAIS	SÍ
[REDACTED]	MARÍA ÁNGELES PAIS CARBIA	SÍ
[REDACTED]	MIGUEL ÓSCAR RANCAÑO BRAÑANOVA	SÍ
[REDACTED]	M <sup>a</sup> DEL CARMEN DURÁN LEA	SÍ
[REDACTED]	PATRICIA CARRACEDO DURAN	SÍ
[REDACTED]	SUSANA CAMBA CASTRO	SÍ
[REDACTED]	ÓSCAR ALEJANDRO DURÁN BARROS	SÍ

**Escusas de asistencia presentadas:**

1. JOSE CARLOS LOPEZ CAMPOS:

«Ausencia por razóns institucionais e previo Decreto de delegación nº 2019-1185»

Unha vez verificada pola secretaria a válida constitución do órgano, o presidente accidental abre a sesión, polo que se procede á deliberación sobre os asuntos incluídos na orde do día

**A) PARTE RESOLUTIVA**

**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O 5 DE SETEMBRO DE 2019**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión ordinaria celebrada o día 5 de setembro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA CORRESPONDENTE Á SESIÓN EXTRAORDINARIA CELEBRADA O 26 DE SETEMBRO DE 2019**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Dado conta do borrador da acta correspondente á sesión extraordinaria celebrada o día 26 de setembro de 2019, esta é aprobada por unanimidade, ordenándose polo Sr. Presidente a súa transcripción ao Libro de Actas segundo o disposto no artigo 110.2 do ROF.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKWP794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 17



## **Expediente 4080/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE ORGANIZACIÓN, PERSOAL E ASUNTOS XERAIS RELATIVO Á DETERMINACIÓN DOS FESTIVOS LOCAIS PARA O ANO 2020**

**Favorable**

**Tipo de votación:**  
Unanimidade/Asentimento

Para explicar este punto, toma a palabra o 2º Tenente de Alcalde, **D. Alberto M. Blanco Carracedo**, quen di que, á vista da proposta da Alcaldía para a determinación dos festivos locais para o ano 2020 e dos pronunciamentos feitos pola Mesa Local de Comercio e Consello Económico Social, ditaminouse pola Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, propoñéndose a este pleno a adopción dos seguintes acordos:

Primeiro.- Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2020, os días:

- 25 de febreiro, Martes de Entroido.
- 26 de xuño, festas patronais de San Paio.

Segundo.- Dar traslado do Acordo que sexa adoptado, en relación con este asunto, polo Pleno desta Corporación á Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación adoptándose, por unanimidade (11 votos do Partido Popular, 5 do Partido Socialista, 2 de Móvete e 1 do Grupo Mixto – BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 17/09/2019, en relación co asunto que se trata de seguido.

Visto o escrito recibido con data 13/09/2019 (2019-E-RC-8185), emitido pola Xefatura Territorial de Pontevedra da Consellería de Economía, Emprego e Industria (Servizo de Emprego e Economía Social), polo que solicita a remisión de proposta de Festivos Locais para o ano 2020 deste Concello antes do 15 de outubro do ano en curso.

Visto o pronunciamento feito pola Mesa Local de Comercio na súa sesión do 16/09/2019.

Visto o pronunciamento feito polo Consello Económico Social en data 16/09/2019.

Visto o Ditame favorable da Comisión Informativa de Organización, Persoal e Asuntos Xerais, acadado en sesión do 26/09/2019.

Visto o sinalado no artigo 2 do Decreto 81/2019, de 27 de xuño, publicado no DOG nº 132 de 12/07/2019, e demais lexislación aplicable.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión.

### **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Determinar como festivos locais do Concello da Estrada para o ano 2020, os días:

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKMP794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 17



- 25 de febreiro, Martes de Entroido.
- 26 de xuño, festas patronais de San Paio.

**Segundo.-** Dar traslado do Acordo que sexa adoptado, en relación con este asunto, polo Pleno desta Corporación á Xefatura Territorial do Servizo de Emprego e Economía Social da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con enderezo na rúa Concepción Arenal nº 8, andar 2º - 36201 Vigo.

**Expediente 723/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE, RELATIVO Á APROBACIÓN INICIAL DO PROCEDIMENTO DE DESAFECTACIÓN DE ANACO DE CAMIÑO PÚBLICO RADICADO EN SOUTO - SAN MIGUEL DE BARCALA**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

O Sr. **Alcalde accidental, D. Juan M. Constenla Carbón**, explica que o asunto que se trata neste punto consiste na proposta de aprobación inicial do procedemento de desafectación dun anaco de camiño público sito na entrada dunha casa en Souto – San Miguel de Barcala, o cal conta cunha superficie de 84 m<sup>2</sup> e cunha valoración de 209,30 €.

Non habendo intervencións, sométese o asunto a votación adoptándose, por unanimidade (11 votos do Partido Popular, 5 do Partido Socialista, 2 de Móvete e 1 do Grupo Mixto – BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta do Concelleiro Delegado de Rural do 20/09/2019, relativa á aprobación inicial do procedemento de desafectación de anaco de camiño público radicado en Souto – San Miguel de Barcala, para a súa cualificación como parcela sobrante e posterior venda; interesada por Dna. María del Carmen López Bandín.

Visto que, en data 30/11/2018, Dna. María del Carmen López Bandín solicitou a desafectación de anaco de camiño público radicado en Souto – San Miguel de Barcala, para a súa posterior compra-venda como *parcela sobrante*, co obxecto de agregala á finca colindante da súa propiedade (núm. 578 ZCP Barcala).

Visto que, fundamentou a dita solicitude no informe técnico e anexo asinados polo enxeñeiro técnico forestal, D. Arturo Calvo Tarrío, en datas 28/11/2018 e 16/04/2019, respectivamente. Polo apuntado anaco ofreceu un prezo de 209,30 euros.

Visto que, en datas 26/04/2019 e 10/05/2019, o enxeñeiro t. agrícola municipal (Sr. Brea Villaverde) emitiu informes técnicos complementarios e favorables, sinalando substancialmente que:

a) se trata dun anaco de camiño público radicado en solo de núcleo rural que se pode considerar en desuso; non presta servizo; está totalmente inutilizado; pode considerarse *parcela sobrante* e mesmo carece de capa de rodadura; non forma parte do trazado da rede viaria pública do núcleo rural 07-08 determinado pola ordenación detallada do PXOM; superficie 84,00 m<sup>2</sup>; unicamente dá acceso á finca colindante núm. 578 ZCP Barcala, etc. .

b) o valor do anaco na zona estímase en 209,30 euros (coincidente co prezo

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKMP794CEH5UN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 17



ofrecido pola interesada).

c) determínanse as leiras colindantes, superficies, etc.. Particularmente, propón a adxudicación (venta) total do anaco á titularidade dominical da única finca colindante (núm. 578 ZCP Barcala, pertencente á promotora do expediente).

Visto que, dos informes elaborados polo Perito Agrícola Municipal resultaría que o terreo público a desafectar e vender se identificaría coa seguinte referencia:

- Superficie: 84,00 m<sup>2</sup>
- Leiras Colindantes: Norte, sur e leste, coa finca núm. 578 ZCP Barcala. Oeste, camiño.

Visto que, a única propiedade colindante con dereito á merca do significado anaco é a interesada e promotora do expediente, unha vez desafectado e investido co carácter de *parcela sobrante*.

Visto que, en data 14/06/2019 (incorporada ao formato electrónico o día 03/07/2019), a interesada achegou nota simple informativa rexistral relativa á finca núm. 66742 (ou núm. 578 ZCP Barcala), indicativa da titularidade dominical ganancial a prol dos cónxuxes, D. Jesús Ortigueira Laceiras e Dna. María Carmen López Bandín.

Visto o informe xurídico emitido en data 04/07/2019 polo T.A.X.- Servizo Xurídico de Urbanismo.

Visto o informe xurídico emitido en data 18/09/2019 pola Secretaria Xeral municipal.

Visto o informe emitido pola Interventora municipal en data 19/09/2019.

Visto o artigo 5 do Regulamento de Bens das Entidades Locais, determinando que os bens demaniais son inalienables, de xeito que, espilos desta cualidade esixirá a tramitación dun expediente de alteración da súa cualificación xurídica acreditando a súa oportunidade e legalidade (artigo 8 RB e 269 da Lei 5/1997, do 22 de xuño, de Administración Local de Galicia - en adiante LALGA-).

Vista a oportunidade e o proveito para o Concello xustificada/o nos informes do Perito Agrícola Municipal.

Visto que, de acordo co disposto no artigo 30 da Lei 33/2003, do 3 de novembro, do Patrimonio das Administracións Públicas, aplicable ás Entidades Locais en virtude do consagrado no seu artigo 2.3 maila Disposición Final II, unha vez desafectado o ben demanial, o seu alleamento pode ter lugar mediante venda directa aos propietarios colindantes interesados, se aquel se houberse declarado *parcela sobrante* debido á súa reducida extensión, forma irregular ou emprazamento, ou debido a que non fose susceptible do uso axeitado (inaproveitable), como así semella motivalo o Perito Agrícola Municipal nos seus informes (artigos 8 e 155 RB; 268 e 277 LALGA).

Vista, en definitiva, a xustificación que fai o Perito Agrícola Municipal do carácter de *parcela sobrante* do terreo do que a súa desafectación se interesa, e considerándoa de interese público esta Concellería Delegada.

Vistas, entre outras, a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, o Texto Refundido aprobado polo Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, a Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia, o Regulamento de Bens das Entidades Locais de 1986, a Lei 33/2003, do 3 de novembro, de Patrimonio das Administracións Públicas, a Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do Solo de Galicia, e concordantes.

Vistos, especialmente, os arts. 22.2.l) e 47.2.n) da significada Lei 7/ 1985, do

## Concello da Estrada

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKP794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 17



2 de Abril.

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente en sesión do 6/09/2019.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar inicialmente o procedemento de desafectación do tramo/anaco de camiño público radicado en Souto - San Miguel de Barcala, segundo a seguinte descrición, por considerar que reúne os trazos legalmente esixibles de *parcela sobrante*, de acordo coa información técnica obrante no expediente:

- Superficie: 84,00 m<sup>2</sup>
- Leiras Colindantes: Norte, sur e leste, coa finca núm. 578 ZCP Barcala. Oeste, camiño.

**Segundo.-** Declarar provisionalmente o tramo/anaco obxecto da desafectación como ben patrimonial en calidade de *parcela sobrante*.

**Terceiro.-** Someter o expediente de desafectación a trámite de información pública, polo prazo de 1 mes, en virtude de anuncio exposto no taboleiro municipal e publicado nun diario de gran difusión provincial así como no Boletín Oficial da Provincia e na sede electrónica/*website* municipal; e, notificándose individualmente aos seguintes propietarios colindantes:

- D. Jesús Ortigueira Laceiras e Dna. María Carmen López Bandín.

De non existir reclamacións/alegacións, o acordo inicial converterase en definitivo e a declaración provisional do tramo/anaco obxecto da desafectación como ben patrimonial en calidade de *parcela sobrante* elevarase a definitiva. Nese intre, o reseñado tramo/anaco deixará de ligarse formalmente ao uso/servizo público debido a que xa non cumprirá materialmente a finalidade para a que foi inicialmente destinado.

**Expediente 4152/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á ADHESIÓN AO PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA.**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

O Sr. **Alcalde acctal** explica que este asunto foi tratado na Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, ditaminándose aprobar á adhesión do noso Concello ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e Enerxía, promovido pola Unión Europea; aclara que para acadar este fin, é necesario facer unha auditoría de todas as enerxías do noso municipio e tratar de diminuír a emisión de CO<sub>2</sub> á atmosfera, ao abeiro de que o tema do cambio climático é moi delicado e importante, sendo necesario o cambio de impresións con outros concellos e así adoptar as medidas necesarias para atallar este mal que estamos a sufrir hoxe en día e evitar a que vaia a máis.

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKW794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 17



Aclara que este pacto vai dirixido a todos aqueles concellos con máis de 21.000 habitantes.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, para mostrar a súa conformidade coa proposta, sen embargo considera que outra cousa é que sexa realista e factible cumprir cos compromisos que implica, porque aínda que o seu grupo valora positivamente á adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e Enerxía, hai que ver o plan de acción nos dous primeiros anos, sendo interesante que non quede nun mero documento baldeiro senón que leven a accións concretas que se executen, sendo necesario ver tamén como se vai a auditar, xa que, con respecto a isto último, se se fará en base a uns obxectivos concretos valorados dentro dos parámetros que corresponden ou vai a ser unha auditoría que simplemente vains a dicir o que queremos escoitar. Ademais, di que algún dos obxectivos que van na proposta son realmente ambiciosos, inalcanzables en algún caso, como pode ser o 40% menos de emisións de cara ao ano 2030, non obstante cada esforzo que se faga por mellorar a eficiencia enerxética no noso concello e, incluso, que sexamos menos contaminantes, o valora positivamente.

Intervén a voceira do grupo municipal de MOVETE, **Dna. Mar Blanco Casais**, trasladando a súa conformidade coa adhesión ao Pacto, lamentando que ata de agora non foran tomadas medidas concretas, porque lle parece que este goberno, ao igual que o da lexislatura anterior, non mostrou nin mostra interese no coidado do medio ambiente, insistindo naquelas propostas que non considera ambiciosas nas que se pode ir traballando tales como a adecuación da EDAR de Aguións, o arranxo das microdepuradoras sitas en varios puntos do rural, levar actuacións en relación aos eucaliptos (aínda se están facendo plantacións en terreos agrícolas), facer as accións necesarias para a reciclaxe dos residuos orgánicos etc., actuacións e medidas que debería abordar de maneira inmediata o Concello antes da sinatura do nomeado Pacto.

Por outra banda, di que a administración local debería dar exemplo e sensibilizar á sociedade no tema do coidado do planeta, polo que espera que esta proposta non quede nunha mera declaración de intencións e se proceda a traballar en favor do medio ambiente.

Toma a palabra a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba Castro**, para trasladar a súa conformidade coa adhesión a este Pacto de Alcaldes, xa que o seu grupo aplaude calquera medida que sexa tomada en aras ao coidado do medio ambiente, por iso non porá trabas á calquera proposta ou medida dirixida a este fin; sen embargo, quere puntualizar que non se trata dun problema de cuestións mínimas, senón que trátase dun problema global e sistémico e que será imposible paliarlo se non se atalla dende a conciencia, xa que falamos dun sistema onde sempre prima os intereses das grandes multinacionais sobre os intereses colectivos, entre os que está o coidado medioambiental, polo que nunca se acadará nada que non sexan parches meramente estéticos; aínda así valora todas as pequenas accións que se poidan facer e por suposto que votará a favor da proposta que se está a tratar.

**O Sr. Alcalde accidental**, considera que esta proposta é tan só un grao de area, sendo necesario comezar canto antes para protexer o noso medio ambiente, e o grupo de goberno co





apoio de todas as forzas políticas fará o posible para atallar este mal endémico que está a sufrir a nosa sociedade e noso planeta.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación adoptándose, por unanimidade (11 votos do Partido Popular, 5 do Partido Socialista, 2 de Móvete e 1 do Grupo Mixto – BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta formulada polo Alcalde en data 17/09/2019, relativa á adhesión ao Pacto dos Alcaldes para o clima e a enerxía, que se transcribe literalmente de seguido:

*“A Comisión Europea puxo en marcha en 2008 o Pacto dos Alcaldes (Covenant of Mayors), unha iniciativa aberta a todas as cidades e municipios en Europa co obxectivo de involucrar ás autoridades locais e aos cidadáns no desenvolvemento e a aplicación da política enerxética da Unión Europea.*

*O Pacto consiste no compromiso das cidades asinantes de ir máis alá dos obxectivos adoptados para o ano 2020 pola UE para reducir as emisións de CO2 a través de medidas de eficiencia enerxética, de accións relacionadas coa promoción das enerxías renovables e da mobilidade urbana sostible.*

*A adhesión a esta iniciativa, supoñía acollerse ao denominado obxectivo 20/20/20, cuxa meta era aumentar a eficiencia enerxética un 20%, aumentar o uso de enerxía procedente de fontes renovables outro 20% e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI) un 20% para o ano 2020.*

*A partir do éxito do Pacto dos Alcaldes, en 2014 lanzouse a iniciativa Mayors´ Adapt, baseada no mesmo modelo de xestión pública, mediante a que se invitaba ás cidades a asumir compromisos políticos e tomar medidas para anticiparse aos efectos inevitables do cambio climático.*

*O 15 de outubro de 2015, a Comisión Europea lanzou o Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía (Covenant of Mayors for Climate & Energy), fusionando as iniciativas anteriores.*

*Esta nova ferramenta pretende reunir aos alcaldes das cidades europeas nunha rede permanente de intercambio de información para a aplicación de boas prácticas: mellorar a eficiencia enerxética no ámbito urbano, conseguir unha redución das emisións de CO2 no ámbito territorial local e aumentar a resiliencia fronte ao cambio climático.*

*Para alcanzar estes obxectivos, os municipios adheridos ao Pacto comprométese a redactar un Plan de Acción para a Enerxía Sostible e o Clima (PACES), nun prazo máximo de dous anos dende a data de adhesión.*

*O PACES inclúe: 1) un inventario de referencia de emisións (IRE) para facer o seguimento da súa efectividade das accións de mitigación; 2) unha avaliación de riscos e vulnerabilidades ante o cambio climático; Ademais, cada dous anos deberase presentar un informe de seguimento do PACES.*

*O Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía consiste no compromiso dos concellos signatarios de facer propios os obxectivos da Unión Europea para o ano 2030 e reducir as emisións de CO2 no seu territorio en, polo menos, o 40% a través de medidas de eficiencia enerxética e dun maior uso de fontes de enerxía renovable, traballando á súa vez na implantación de medidas de adaptación ao cambio climático e aumento da resiliencia fronte a este, así como un aumento da cooperación coas autoridades locais e rexionais similares na UE e fóra dela para*







*mellorar o acceso á enerxía segura, sostible e alcanzable. Sectores como os municipais, residenciais e terciarios e o transporte considéranse sectores clave para a mitigación. As autoridades locais deberán concentrar os seus esforzos en reducir a demanda de enerxía nos seus territorios e adaptar a demanda enerxética á oferta promovendo a utilización de recursos enerxéticos locais.*

*A Xunta de Galicia, consciente de que o Pacto dos Alcaldes polo Clima e a Enerxía e o mellor instrumento para implicar aos concellos de Galicia na loita contra o cambio climático, decidiu participar nesta iniciativa como coordinador do pacto na Comunidade Autónoma de Galicia, co obxectivo de promover e apoiar aos concellos de Galicia na súa adhesión ao pacto e conseguir que no ano 2020 haxa, a lo menos, 100 concellos galegos adheridos ao Pacto, e estean todos os concellos de mais de 20.000 habitantes.*

*Coñecedor da importancia das accións locais na mitigación do cambio climático como Alcalde do Concello da Estrada recoñezo que o noso compromiso esixe:*

*1. Un liderado político forte: Definir obxectos ambiciosos a longo prazo, máis alá dos mandatos políticos. Unha interacción coordinada entre a mitigación e a adaptación a través da mobilización de todas as áreas municipais implicadas.*

*2. Un enfoque territorial integral e intersectorial.*

*3. A asignación dos recursos humanos, técnicos e financeiros axeitados: O compromiso de todas as partes implicadas nos nosos territorios. O empoderamento dos cidadáns como consumidores proactivos “prosumers” e participantes nun sistema enerxético responsable e sensible á demanda.*

*4. Accións inmediatas, medidas flexibles e efectivas para agora e para o futuro, “non regresivas”.*

*5. A implantación de solucións intelixentes para facer fronte aos retos sociais e técnicos da transición enerxética.*

*6. Revisar periodicamente ns nosas accións conforme aos controis e as avaliacións dos resultados.*

*Por todo iso, este Concello quere sumarse ao PACTO DOS ALCALDES PARA O CLIMA E A ENERXÍA e apoiar esta iniciativa, necesaria para conseguir a sustentabilidade enerxética e a adaptación ao cambio climático do noso Concello.*

*E para que conste, eu José Carlos López Campos, Alcalde desta Corporación, comprométome a:*

*1. Reducir as emisións de CO2 no noso territorio en ao menos un 40 por cento ata 2030 mediante o aumento da eficiencia enerxética e un maior uso de fontes de enerxía renovables.*

*2. Traballar na promoción de medidas para a adaptación ao cambio climático mediante a creación de plans de acción en favor da enerxía sustentable e o aumento da resiliencia fronte ao cambio climático.*

*3. Elaborar un Inventario de Emisións de Referencia e unha avaliación de riscos e vulnerabilidades derivados do Cambio Climático, como base para o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable (PACES) no que se resuman as accións clave que planean levar a cabo.*

*4. Presentar o Plan de Acción para o Clima e a Enerxía Sustentable no prazo de 2 anos a partir da sinatura oficial do Pacto dos Alcaldes para a supervisión e verificación do proceso.*

*5. Desenvolvido o Plan de Acción, elaborar un informe bianual para a avaliación, control e verificación dos obxectivos, informando dos fitos acadados en*

## **Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKW794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma esPublico | Páxina 9 a 17



*cumprimento do Plan.*

*6. Compartir a nosa visión, resultados, experiencia e coñecemento con outras autoridades locais e rexionais da Unión Europea.*

*7. Adaptar as estruturas do Concello incluíndo a asignación de suficientes recursos humanos para o desenvolvemento das accións necesarias.*

*8. Mobilizar á sociedade civil no noso ámbito para que participe no desenvolvemento do Plan de Acción.*

*9. Comunicar os presentes acordos á Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio para facer posible as tarefas de apoio e coordinación”.*

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 26/09/2019.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

**Primeiro.-** Aprobar a adhesión do Concello da Estrada ao Pacto dos Alcaldes para o Clima e a Enerxía, promovido pola Unión Europea.

**Segundo.-** Facultar ao Alcalde de A Estrada a representar ao Concello na sinatura do Pacto de Alcaldes e en calquera outras actuacións que requira a súa execución.

INCORPÓRASE Á SESIÓN A CONCELEIRA DO PARTIDO SOCIALISTA DNA. BELÉN LOUZA VIEITES.

**Expediente 4097/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE MEDIO RURAL E MEDIO AMBIENTE, RELATIVO Á SINALIZACIÓN PARA A AXEITADA LOCALIZACIÓN DE PARROQUIAS, LUGARES E SITIOS DE INTERESE DO RURAL ESTRADENSE.**

**Favorable**

**Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Por tratarse dunha moción presentada polo grupo de MOVETE, concédese a palabra á súa voceira, **Dna. Mar Blanco**, quen procede a expoñer a mesma:

*“A Estrada é o concello que conta co maior número de lugares no Estado, 465 en concreto, que conforman as 51 da parroquias das que consta o noso municipio. Estamos a falar dun territorio que sen a indispensable sinalización, convertese nun auténtico labirinto, que dificulta moito o tránsito e a localización de enderezos para aqueles que non o coñezan ben. Dende Móvete lamentamos, por poñer un exemplo, o agravio comparativo que supón que un habitante ou unha empresa situada no rural estradense deba sufrir problemas e maiores dificultades á hora de recibir envíos de paquetería e similares, que outro que viva no entorno urbano, por mor dunha deficitaria sinalización que dificulta atopar parroquias e lugares, ou sexa, por causa de algo corrixible e mellorable sen un elevado investimento. Isto supón unha pedra máis no camiño para fixar poboación no noso rural, é un ataque directo á igualdade de trato entre as diferentes zonas do noso concello.*

*A carencia de sinalización afecta especialmente o traballo do servizo de emerxencias pola dificultade que supón localizar un domicilio coa ambulancia, e nalgúns casos o tempo*

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKP794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 17



*perdido é ouro.*

*Por outra banda, se pretendemos que o Concello da Estrada sexa cada vez máis o destino escollido polos amantes do turismo de interior, o mínimo é que, ademais das nosas parroquias e os nosos lugares, os nosos sitios de interese estean correctamente sinalizados para facilitar á súa visita e aproveitamento como reclamo turístico. Sitios privilexiados do noso concello coma a Praia fluvial de Barcala, o Picho de Curantes ou as sobreiras milenarias de Calobre e Arnois entre outros lugares, carecen das oportunas e indispensables sinalizacións para facilitar á súa visita e o seu aproveitamento turístico.*

*Así as cousas, estamos falando dunha medida que contribuirá a mellorar o servizo de emerxencias, correos, mensaxería e turismo, beneficiando directamente aos veciños e veciñas do rural e, tamén, aos que van ao rural a facer algunha ruta ou visitar algún lugar de interese.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*Mellorar ou implantar, no seu caso, a sinalización necesaria para a axeitada localización de parroquias, lugares e sitios de interese do noso rural”.*

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, para trasladar a conformidade do seu grupo con esta moción, sen embargo considera que dentro dos acordos que se propoñen na moción, e así o dixo na Comisión Informativa, un compromiso concreto para que o acordo tivera unha valoración real, pero, á vista de que o Concelleiro do Rural indicou que se está a facer un estudo sobre a sinalización no rural, entón esperará a ese estudo que debера de debaterse en Comisión para concretar o plan plurianual e como se vai a financiar. Sen máis, di que o seu grupo votará a favor.

Intervén a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dna. Susana Camba**, para trasladar o seu apoio á moción por compartir o espírito da mesma ao considerar moi necesaria a sinalización no rural, non só aos efectos de correos e entrega de paquetería, senón tamén por causa do turismo

O **Sr. Alcalde accidental**, di que, ao igual que se manifestou na previa sesión da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, todos os grupos políticos municipais están de acordo coa necesidade de proceder á sinalización correcta de todos os núcleos de poboación do noso rural, así como daqueles sitios de interese cultural, e reitera o dito na nomeada Comisión sobre que cando estea rematado un estudo completo se procederá a presentalo na correspondente Comisión para debater o proxecto, proxecto que alcanza preto dos 800.000 euros, polo que o seu financiamento e execución terá que se plurianual.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación adoptándose, por unanimidade (11 votos do Partido Popular, 6 do Partido Socialista, 2 de Móvete e 1 do Grupo Mixto – BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a moción presentada con data 14/09/2019 (2019-E-RCIR-1) polo grupo político municipal de MÓVETE, que se transcribe literalmente de seguido:

*“A Estrada é o concello que conta co maior número de lugares no Estado, 465 en concreto, que conforman as 51 da parroquias das que consta o noso municipio. Estamos a falar dun territorio que sen a indispensable sinalización,*





*convertese nun auténtico labirinto, que dificulta moito o tránsito e a localización de enderezos para aqueles que non o coñezan ben. Dende Móvete lamentamos, por poñer un exemplo, o agravio comparativo que supón que un habitante ou unha empresa situada no rural estradense deba sufrir problemas e maiores dificultades á hora de recibir envíos de paquetería e similares, que outro que viva no entorno urbano, por mor dunha deficitaria sinalización que dificulta atopar parroquias e lugares, ou sexa, por causa de algo corrixible e mellorable sen un elevado investimento. Isto supón unha pedra máis no camiño para fixar poboación no noso rural, é un ataque directo á igualdade de trato entre as diferentes zonas do noso concello.*

*A carencia de sinalización afecta especialmente o traballo do servizo de emerxencias pola dificultade que supón localizar un domicilio coa ambulancia, e nalgúns casos o tempo perdido é ouro.*

*Por outra banda, se pretendemos que o Concello da Estrada sexa cada vez máis o destino escollido polos amantes do turismo de interior, o mínimo é que, ademais das nosas parroquias e os nosos lugares, os nosos sitios de interese estean correctamente sinalizados para facilitar á súa visita e aproveitamento como reclamo turístico. Sitios privilexiados do noso concello coma a Praia fluvial de Barcala, o Picho de Curantes ou as sobreiras milenarias de Calobre e Arnois entre outros lugares, carecen das oportunas e indispensables sinalizacións para facilitar á súa visita e o seu aproveitamento turístico.*

*Así as cousas, estamos falando dunha medida que contribuirá a mellorar o servizo de emerxencias, correos, mensaxería e turismo, beneficiando directamente aos veciños e veciñas do rural e, tamén, aos que van ao rural a facer algunha ruta ou visitar algún lugar de interese.*

*Por todo isto, o Grupo Municipal de Móvete do Concello da Estrada, presenta para a súa consideración e aceptación polo Pleno Municipal o seguinte ACORDO:*

*Mellorar ou implantar, no seu caso, a sinalización necesaria para a axeitada localización de parroquias, lugares e sitios de interese do noso rural”.*

Visto o ditame acadado pola Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente, en sesión celebrada o 26/09/2019.

E, ao abeiro do debatido nesta sesión, **ACORDAMOS:**

Previa a presentación dun plan de execución plurianual, iniciar os trámites para a mellora ou implantación, no seu caso, da sinalización necesaria con destino á axeitada localización de parroquias, lugares e sitios de interese do noso rural.

**Expediente 3876/2019. DITAME DA COMISIÓN INFORMATIVA DE RURAL E E MEDIO AMBIENTE RELATIVO Á RATIFICACIÓN PLENARIA DO DECRETO DA ALCALDÍA Nº 2019-1110**

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

O Sr. **Alcalde accidental**, explica que se trata de ratificar o Decreto nº 2019-1110,

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKP794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 17



relativo á aprobación da participación do noso Concello no programa de subvencións e proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, ao abeiro do Real Decreto 616/2017, de 16 de xuño, polo que se regula a concesión directa de subvencións para ese fin, modificado polo Real Decreto 316/2019, de 26 de abril. Sendo obxectivo deste Concello a renovación parcial de luminarias no rural e, como era necesario facer a solicitude da axuda o antes posible polo prazo concedido, tivo que facerse por Decreto da Alcaldía, sendo preciso agora que o acordo adoptado no mesmo sexa ratificado polo Pleno. Di que se está a falar dun importe de execución de 8.541.809,58 euros, solicitando unha subvención de 6.833.447,66 €.

Pide a palabra o voceiro do grupo do Partido Socialista, **D. Luís López Bueno**, quen considera fundamental aproveitar todas aquelas axudas e financiamentos que concede o Estado, facendo fincapé que é o IDAE quen concede esta axuda, pero pide ao goberno que non lle furete as competencias ao Pleno á hora de tomar este tipo de decisións ou acordos, ao igual que pasou coa EDUSI, porque aínda que axilidade está ven, deberíase respectar as competencias de cada órgano en detrimento da axilidade.

Finalmente di que o seu grupo votará a favor por considerar que se trata dunha actuación necesaria, aproveitando financiamento do Estado e que non afectará aos fondos propios do noso Concello.

O **Sr. Alcalde acctal**, explica novamente que a causa pola que se aprobou a solicitude da axuda por Decreto da Alcaldía foi por causa do escaso prazo do que se contaba, sendo unha mágoa desaproveitar esta oportunidade de financiamento do Ministerio, así como o de mellorar o alumado do noso municipio.

Non habendo máis intervencións, sométese o asunto a votación adoptándose, por unanimidade (11 votos do Partido Popular, 6 do Partido Socialista, 2 de Móvete e 1 do Grupo Mixto – BNG), o seguinte **ACORDO**:

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 23/09/2019.

Visto o Decreto da Alcaldía nº 2019-1110, que se transcribe literalmente de seguido:

*“Asunto: Aprobación de la participación del Ayuntamiento de A Estrada en el programa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020.*

*Visto el Real Decreto 616/2017, del 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (BOE/BOE nº 144, de 17 de junio de 2017).*

*Visto el Real Decreto 316/2019, de 26 de abril, por el que se modifica el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020. (BOE/BOE Nº 103, de 30 de abril de 2019).*





Considerando el interés para el Ayuntamiento de A Estrada de la participación en el programa de subvenciones previstas en el Real Decreto indicado.

En uso de las facultades conferidas por el artículo 21 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local,

#### RESUELVO

Primero.- Aprobar la participación del Ayuntamiento de A Estrada y aceptar expresamente el procedimiento regulado por el Real Decreto 616/2017, de 16 de junio, por el que se regula la concesión directa de subvenciones a proyectos singulares de entidades locales que favorezcan el paso a una economía baja en carbono en el marco del Programa operativo FEDER de crecimiento sostenible 2014-2020 (BOE/BOE nº 144, de 17 de junio de 2017).

Segundo.- Aprobar las siguientes actuaciones que componen los siguientes proyectos singulares subvencionables, así como la dotación presupuestaria para llevarla a cabo, aprobación condicionada a la obtención de la cofinanciación FEDER para llevarla a cabo.

- o OBJETIVO ESPECÍFICO: oe 431
- o MEDIDA: 6
- o ACTUACIÓN: Renovación parcial
- o IMPORTE: 8.541.809,58 €
- o AYUDA SOLICITADA: 6.833.447,66 €
- o

Tercero.- Aprobar a memoria descriptiva, a la que se refiere al artículo 12.4. c. del Real Decreto 616/2017, "RENOVACIÓN PARCIAL DEL ALUMBRADO PÚBLICO EXTERIOR EN EL CONCELLO DE A ESTRADA redactado por el Arquitecto Técnico Municipal D. Daniel Órrea Corral.

Cuarto.- Facultar expresamente al alcalde para todo lo relacionado con la tramitación y gestión del presente acuerdo y el correspondiente expediente".

Visto o ditame da Comisión Informativa de Rural e Medio Ambiente de 26/09/2019.

E, ao abeiro do deliberado nesta sesión, **ACORDAMOS:**

**Primero.-** Ratificar o Decreto da Alcaldía nº 2019-1110, do 19 de setembro, referente á aprobación da participación do Concello da Estrada no programa de subvencións a proxectos singulares de entidades locais que en el programa de subvenciones a proxectos singulares de entidades locais que favorezan o paso a unha economía baixa en carbono no marco do Programa operativo FEDER de crecemento sostible 2014-2020, nos mesmos termos nos que figura ditado.

**Segundo.-** Continuar coa tramitación pertinente.

#### B) ACTIVIDADE DE CONTROL

**Expediente 3890/2019. DACIÓN DE CONTA DO CUMPRIMENTO DA**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKP794CEH5UN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: http://aestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 17



## REGULACIÓN CONTIDA NO ARTIGO 104.BIS DA LEI REGULADORA DAS BASES DE RÉXIME LOCAL

**Favorable**

**Tipo de votación:**

Unanimidade/Asentimento

Vista a proposta da Alcaldía-Presidencia de data 30/09/2019.

En cumprimento do artigo 104 bis da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (en adiante, LRBRL), as dotacións de postos de traballo cuxa cobertura corresponde a persoal eventual nos Concellos debería axustarse aos límites e normas que determina e que, tratándose do Concello da Estrada, se concreta na posibilidade de incluír como máximo na súa plantilla sete postos de traballo de persoal eventual.

Segundo o apartado 6 do artigo 104 bis analizado, o Presidente da Entidade Local informará ao Pleno con carácter trimestral do cumprimento do previsto neste artigo.

De acordo co exposto,

**DÁSE CONTA** ao Pleno da Corporación do cumprimento no Concello da Estrada da regulación contida no artigo 104 bis da LRBRL, ao contar tres postos de persoal eventual.

A Corporación en Pleno queda sabedora.

## DACIÓN DE CONTA DOS DECRETOS DA ALCALDÍA DITADOS NO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 2 E O 13 DE SETEMBRO DE 2019 (AMBOS OS DOUS INCLUÍDOS)

**Dáse conta** dos Decretos da Alcaldía ditados no período comprendido entre os días 2 e 13 de setembro de 2019 (ambos os dous incluídos), que van dende o número 2019-1025 ao número 2019-1082 (incluídos os dous).

A Corporación en Pleno queda sabedora.

Pregunta o Sr. Alcalde acctal se hai algunha moción de urxencia, non habendo, procédese a tratar o seguinte apartado de rogos e preguntas.

### C) ROGOS E PREGUNTAS

Inicia a quenda o voceiro do grupo municipal do Partido Socialista, **D. Luis López Bueno**, quen quere preguntar, en primeiro lugar, sobre o Museo Reimóndez Portela, xa que é un edificio reformado con cen mil euros da Deputación e que leva dende o ano 2011 nun procedemento de organización de fondos e coa porta pechada, polo que quere preguntar se existe unha prazo para abril e, en caso contrario, se existe unha data para a súa apertura, lembrando que se trata dun activo para a cultura do noso concello e, sen embargo, leva nove anos pechado, esperando que se lle dea unha data fiable, e non pase como co tema da auga de

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKP794CEH5JN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: http://aeestrada.sedelectronica.gal/  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 17

Codeseda, xa que no ano 2018 prometeu para antes do verán deste ano oitenta e oito mil euros para resolver o problema da traída de auga de Codeseda, e a estas datas aínda non se sabe cando se vai a resolver o problema nin que foi deses oitenta e oito mil euros, sendo o único certo que houbo un apaño cunha captación directa dende unha fonte, co risco de que se hai un verquido este irá directamente ao depósito de auga; polo dito, pregunta onde están os análises que se di que se están a facer, cando se tomará unha actuación que dea solución definitiva a un problema que se prolonga ao longo de varios anos.

Responde o **Sr. Alcalde accidental**, D. Juan M. Constenla Carbón, en relación ao Museo Reimóndez Portela, que fai pouco tempo rematáronse unhas obras que se estaban a facer con cargo a fondos da Deputación, faltando salvar algúns problemas en canto a pintura e iluminación, esperando que no primeiro trimestre do ano xa estean rematadas todas as obras e se poida abrir ao público.

En canto ao tema da traída de augas de Codeseda, emprenderanse con prontitude as obras de mellora do depósito e, en canto á analítica de auga, está contratada cunha empresa e está no SINAC, que é onde teñen que meter os análises pertinentes e, por suposto, a auga está controlada diariamente por persoal do Concello.

Toma a palabra a voceira do grupo de MOVETE, **Dna. Mar Blanco**, quen comeza lembrado que a semana pasada celebrouse un evento galego en defensa e limpeza dos ríos, denominado “Móvetes polos ríos”, e aquí na Estrada a Asociación en Defensa do Val de Liñares organizou unha limpeza colectiva do río de Liñares, e os voluntarios que fixeron a limpeza na zona entre Cereixo e Lamas, atoparon un vertedeiro incontrolado, polo que solicitan que o Concello procedan á súa retirada.

O **Sr. Alcalde acctal** di que non lle consta que a solicitude pasara por rexistro de entrada, polo que lle agradecería que lle envíe a ubicación para proceder á súa retirada e limpeza, de todas maneiras informa que están colaborando cos traballos de limpeza do río mediante a retirada do lixo que se produce con motivo dos nomeados traballos.

Continúa a **Sra. Blanco Casais**, reitera o rogo xa feito noutra ocasión nunha sesión plenaria, para que se proceda a desbrozar a “ruta do colesterol”, sobre todo á man dereita indo en dirección a Matalobos.

Traslada a preocupación dalgúns veciños do rural polo estado en que se atopan as pistas, tendo medo a ter que esperar catro anos máis para que llas arranxen; a este respecto, lle lembra que quedaron camiños pendentes de asfaltado, preguntando o que vai a pasar con estes.

Responde o **Sr. Alcalde acctal** que están en tramitación os proxectos de arranxo e asfaltado de varios camiños no rural, polo que o feito de rematar o ano electoral esquécese seguir con estes traballos de reparación de viais rurais, senón que o grupo de goberno continúa traballando na redacción de proxecto e tramitación de expedientes para acadar estes fins.

Continuando na súa intervención, a **Sra. Mar Blanco**, ao abeiro dunha nota de prensa sobre a prestación dun novo servizo de atención temperá para nenos de 0 a 6 anos, pregunta como é o seu funcionamento e financiamento.

Lle responde a Concelleira delegada de Benestar Social, **Dna. Amalia Goldar Cora**, que o expediente está á súa disposición para consultalo, adiantando que se trata dun expediente de contratación menor con cargo a unha subvención da Xunta de Galicia, tratándose dun servizo de 10 horas semanais, dous días a







semana(martes e xoves) e cun horario de atención de 12:00 a 14:00 horas e de 15:00 a 18:00 horas, atendendo neste momento a tres rapaces, aclarando que sempre que hai unha solicitude o neno vai previamente ao pediatra, poñendo este Concello un logopeda, un psicólogo e un terapeuta; e, aínda que polo de agora está moi contente de como vai o servizo, haberá que esperar como se vai desenvolvendo, sendo a idea seguir con este servizo para o ano que ven e despois contratar novamente para o ano 2020, aproveitando a subvención da Xunta de Galicia que cubre case o 90% do servizo.

Pide a palabra a voceira do Grupo Mixto (BNG), **Dña. Susana Camba**, quen comeza preguntando, ao abeiro de varias queixas pais e nais, sobre a seguridade na zona de xogos da Alameda, pola falta de espazo existente entre os columpios, a parte, da inexistencia de bancos mirando en dirección aos xogos, polo que os pais e as nais ven dificultade a vixilancia dos cativos.

Tamén traslada a preocupación dos pais e nais dos cativos que van a preescolar do CEIP Pérez Viondi, ante a existencia dun muro de carga e un talude ou muro de contención (que vai de cara ás fincas colindantes e casas de final da rúa Pérez Viondi) dentro da zona que foi ampliada para os nenos e nenas, os cales están inestable co respectivo perigo que poden ocasionar, sobre todo en caso de choiva.

Pregunta se hai algunha información sobre o Cruceiro de Ouzamerxe, na que noutra sesión plenaria o grupo de goberno dixera que ía a informarse sobre onde se atopaba, cal era o seu estado de conservación e cando se ía a arranxar e colocar de novo; reiterando que o sitio máis adecuado para a súa colocación sería un espazo municipal e non unha casa particular, propoñendo que sexa no Museo Reimóndez Portela o lugar idóneo para a súa custodia mentres non se restaure por expertos de Patrimonio.

O **Sr. Alcalde acctal** contesta, con respecto ao espazo de xogos na Alameda, que a súa instalación foi feita en atención ao proxecto elaborado polos técnicos e respectando o sinalado na normativa aplicable, sen embargo, atendendo a preocupación dos pais e das nais, vaise a estudar para ver se hai algunha deficiencia e se se cumpren todos os requisitos legais para a instalación de parques infantís.

No que respecta ao valo e talude do CEIP Pérez Viondi, sinala que se pasará por alí cos técnicos para comprobar a situación e o perigo existentes, e estudar cales serían as actuacións necesarias para solucionar o problema.

En canto ao Cruceiro de Ouzamerxe, informa que segue custodiado na casa dun particular e estando en boas condicións, esperando que pronto se poida solucionar o problema e proceder de novo á súa colocación.

A continuación, pregunta ao público asistente se hai alguén que queira intervir, en aplicación do Regulamento de Participación Cidadán.

Non habendo máis intervencións, procédese a levar a sesión sendo as vinte e unha horas dezaseis minutos do día do seu comezo.

**DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE**

**Concello da Estrada**

Prza. da Constitución, 1, Estrada, A. 36680 (Pontevedra). Tfno. 986570030. Fax: 986570233



Cod. Validación: 3LKWP794CEH5UN6NGRQ3L2AL9 | Corrección: <http://aeestrada.sedelectronica.gal/>  
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 17